



Secretaría  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

## ANUNCIO

Con data de 19 de febreiro de 2018 procedeuse polo Pleno da Corporación á aprobación da delegación na Xunta de Goberno Local das atribucións das competencias propias do Pleno como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministros, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados, cando o seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamentos, e en calquera caso a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a contía sinalada (Disposición adicional segunda, apartado 2, TRLCSP).

Faise público para o xeral coñecemento e demais efectos.

A Estrada, 20 de febreiro de 2018  
O ALCALDE,  
Asdo.: José C. López Campos